

**ASISTENTES:**

**Presidenta:**

Dona Dolores Fernández Galiño

**Vicepresidenta:**

Dona María Xosé Porteiro García

Vogais:

**Pola Xunta de Galicia**

Dna Patricia Brión Cabanelas

**Polo Consello de Contas**

Dona Isabel García Garrido

**Polo Consello Consultivo de Galicia**

Dna. María José Quintana Acebo

**Pola Federación Galega de Municipios e Provincias**

Don Xosé Manuel Rodríguez Méndez

**Secretario:**

Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 11.00 horas do día 29 de Xullo de 2025, en sesión realizada por videoconferencia, e con asistencia das persoas indicadas á marxe convocadas por vía electrónica pola súa presidenta o día 22 de Xullo de 2025, ten lugar a 98 sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

**1. Saúda**

A presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros. Constátase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

**2. - Aprobación, se procede, da acta da sesión do 24 de Xuño de 2025.**

Constátase o envío da acta da sesión 97 e estando conformes todos os membros presentes, apróbbase por asentimento.

**3. - Resolución, se procede, dos expedientes tramitados**

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Número	Sentido
RSCTG 222/24	Estimación por motivos formais
RSCTG/49/25	Estimación
RSCTG/57/25	Estimación
RSCTG/58/25	Estimación
RSCTG/70/25	Estimación
RSCTG/75/25	Estimación
RSCTG/85/25	Estimación
RSCTG/86/25	Estimación
RSCTG/88/25	Estimación

Número	Sentido
RSCTG/178/25	Inadmisión
RSCTG/187/25	Inadmisión
RSCTG/189/25	Inadmisión
RSCTG/190/25	Arquivo desistencia
RSCTG/192/25	Inadmisión
RSCTG/194/25	Inadmisión
RSCTG/195/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/200/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/205/25	Estimación

RSCTG/92/25	Estimación
RSCTG/137/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/142/25	Estimación Parcial
RSCTG/151/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/160/25	Desestimación
RSCTG/161/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/164/25	Inadmisión
RSCTG/171/25	Inadmisión
RSCTG/174/25	Inadmisión
RSCTG/176/25	Inadmisión
RSCTG/177/25	Inadmisión

RSCTG/209/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/215/25	Estimación
RSCTG/219/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/221/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/228/25	Desistencia Interesada
RSCTG/238/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/243/25	Estimación
RSCTG/251/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/257/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/265/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/268/25	Estimación

Apróbase, con voto en contra da representante da Xunta de Galicia, a proposta de resolución do seguinte expediente:

Número	Sentido
RSCTG 107/25	Estimación

A representante da Xunta de Galicia formulou a xustificación do seu voto, que se incorpora como anexo a esta acta (artigo 18 Regulamento Interno da Comisión da Transparencia).

Tras o debate, acórdase pospoñer a proposta de resolución do expediente: RSCTG 73/2025.

#### **4. Determinación da data da próxima reunión da Comisión**

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 30 de Setembro de 2025, ás 11.00 horas.

#### **5. - Rogos e preguntas**

Infórmase da desistencia do demandante no recurso contencioso-administrativo ordinario nº 7070/2022 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a resolución da Comisión da Transparencia do 30 de novembro de 2021, recaída no recurso RSCTG 146/2021.

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 12.36 horas, levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

Maria Dolores Fernández Galiño  
Presidenta de la Comisión da Transparencia

Santiago González Serrano  
Secretario da Comisión da Transparencia

## Voto particular no expediente RSCTG 107/2025

Con data do 29.07.2025 debatiuse na reunión da Comisión de Transparencia de Galicia a proposta de resolución do expediente 107/2025.

Logo da análise da proposta, remítese o seguinte voto particular en relación unicamente ao punto relativo á procedencia do pagamento de taxas.

O artigo 22.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno dispón que "o acceso á información será gratuito. Con todo, a expedición de copias ou a transposición da información a un formato diferente ao orixinal poderá dar lugar á esixencia de exaccións nos termos previstos na Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, ou, no seu caso, conforme á normativa autonómica ou local que resulte aplicable".

No mesmo senso, a disposición adicional cuarta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativa aos custos de acceso á información, establece o seguinte: "O acceso á información será gratuito. Non obstante, a obtención de copias e a transposición a formatos diferentes do orixinal poderán estar suxeitas ao pagamento das taxas establecidas na normativa da Comunidade Autónoma de Galicia sobre o particular".

Así, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro recolle dous supostos nos que poderá proceder o pagamento de taxas: a obtención de copias, así como a transposición a formatos diferentes do orixinal.

A resolución deste expediente sinala no fundamento xurídico quinto que: "Resulta claro por tanto, que o principio que debe rexer no acceso á información pública por parte da cidadanía é o de gratuidade, sendo unicamente esixible o cobro de taxas ou prezos nos casos nos que sexa necesaria a realización de copias, por non existir a información solicitada en formato electrónico ou por solicitalo así o cidadán, ou nos casos nos que sexa necesaria a transposición da información a un formato diferente ao existente".

Non obstante, a mencionada disposición adicional cuarta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro non establece o requisito de que a información solicitada non exista en formato electrónico, senón que prevé a mera obtención de copias, polo que non se comparte que sexa "unicamente esixible o cobro de taxas ou prezos nos casos nos que sexa necesaria a realización de copias, por non existir a información solicitada en formato electrónico ou por solicitalo así o cidadán", pois de acordo coa lei é de aplicación a lei de taxas pola obtención de copias en calquera formato, sexa en papel ou sexa en formato electrónico.

Polo tanto, opoñémonos á conclusión que se recolle na resolución, a cal parte da consideración de que, dado que os expedientes se atopan en formato electrónico "non é necesaria transposición de formato e por tanto, non procede a esixencia de abono de taxas".

Posto que como xa se puxo de manifesto, a devandita disposición recolle dous supostos diferenciados, por unha banda, a obtención de copias, e por outra banda, a transposición a formatos diferentes do orixinal, de xeito que a obtención dunha copia, con independencia do

seu formato, xustifica a aplicación da lei de taxas, e polo tanto a esixencia do pagamento das taxas, de conformidade co criterio do órgano autonómico competente en materia de xestión tributaria.

Documento asinado dixitalmente

A vogal suplente da Comisión da Transparencia de Galicia en representación da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Xunta de Galicia (DOG núm. 241, do 30 de novembro de 2020)